

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE MAIO DE 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**. Xustifica a súa ausencia o señor Delgado Martín.

### **1. Informe do reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da formalización dun convenio de colaboración. Igualmente, infórmaos da última reunión da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE), realizada o pasado 5 de maio na Universitat de València, en que, substancialmente, se analizaron cuestións relacionadas cos cambios orgánicos operados na configuración do Goberno español en materia de educación e universidades, concretamente do novo Ministerio de Ciencia e Innovación. Tamén lles dá conta da reunión do Consello de Universidades que se vai realizar o día 28 de maio. Remata o Sr. Reitor relacionando os cesamentos e nomeamentos que figuran no **anexo II**.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén para dar conta de que as propostas de grao en Socioloxía e en Terapia Ocupacional obtiveron informe favorable da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA). Remata a súa intervención informando da resolución reitoral que vai ser ditada en materia de xestión académica para o curso 2008/2009.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol-Relación Universidade-Empresa, quen informa os membros do Consello de Goberno de que a Comisión de Avaliación das empresas de base tecnolóxica do viveiro de empresas da Universidade da Coruña, na súa reunión do pasado 14 de maio, decidiu aceptar os proxectos de *Ingeniería Insito, SL*, *Connectical Ingeniería de Sistemas e Bilega Energía SL*, razón pola que estas empresas ocuparán os tres espazos ofertados no viveiro. Rexeitáronse tres proxectos: *Itaca Software Libre S.L.*, *Gestión y dirección de proxectos* y *Aira dixital*. Remata a súa intervención sinalando que, das tres empresas

que entran no viveiro, *Ingeniería Insito SL* é promovida por profesorado da ETS de Enxeñeiros, Camiños, Canais e Portos e da E. T. Superior de Arquitectura, ao igual que *Connectical Ingeniería de Sistemas*, tamén promovida por estudiantado da Facultade de Informática e *Bilega Energía SL* por estudiantado da ETS de Náutica e ADE

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Realizáronse imputacións de expedientes por valor de 6.872,69 euros (número de expediente V-5) e validacións de expedientes por valor de 470.785,22 euros (números de expedientes C-7, C-8 e C-9).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen dá conta da programación de cursos de verán da Universidade da Coruña do ano 2008 e da relación de actos que se van realizar con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2008, dedicado este ano a Xosé María Álvarez Blázquez.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen dá conta das actuacións conxuntas da Consellería de Innovación e Industria e mais a Universidade da Coruña a respecto da Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da posta en marcha da realización do Plano de Organización Docente (POD) para o curso académico 2008/2009, cuxa formalización remata o día 13 de xuño. Este curso vai máis retrasada a elaboración do POD principalmente por causa de utilización da nova plataforma Xescampus, cuxos detalles foron explicados aos responsables dos centros os días 11 e 12 de marzo e mais aos responsables dos departamentos os días 5 e 6 de maio. A respecto da normativa do POD do ano anterior, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da existencia de certas modificacións, concretamente as novas reducións por cargo de xestión aprobadas na sesión do Consello de Goberno do 3 de abril, o incentivo ao profesorado para que se incorpore á docencia en inglés e tamén en galego, solicitado isto último pola Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística da Universidade en aplicación precisamente do Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña e quizais a máis importante, o incremento dun 20% no cómputo da docencia estrutural con base nas suxestións recibidas o curso pasado neste mesmo Consello de

Goberno, co obxectivo de incrementar as prazas do cadro de persoal e a consecuente redución do profesorado substituto. Trátase dunha serie de cambios dos que foron informados a mesa sindical, o día 12 de maio, e tamén a Comisión de Organización Académica e Profesorado o día 14 de maio.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 3 de abril de 2008**

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do 3 de abril de 2008, que estivo ao dispor dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 63 convenios que figuran no anexo **III**.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

## **4. Normativa de mestrados universitarios segundo o Real decreto 1393/2007 e procedemento de solicitude e aprobación dos mestrados para o curso académico 2009/2010**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de normativa de mestrados universitarios segundo o Real decreto 1393/2007 e do procedemento de solicitude e aprobación dos mestrados para o curso académico 2009/2010, que figura no **anexo IV**. Trátase dunha normativa pola que se regulan as titulacións do mestrado universitario establecidas no Real decreto 1393/2007, exceptuadas no que corresponda aquelas que teñan directrices comunitarias propias ou, sempre segundo o previsto no citado Real decreto, habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casteleiro Maldonado, Casabella López, Cao Abad, Ferreiro Baamonde, Valderruten Vidal e González López. A Sra. López Fernández, despois de incidir en cuestións relativas ao papel dos departamentos e institutos na materia en relación cos centros, anuncia que se vai abster na votación neste punto da orde do día.

Coa abstención da Sra. López Fernández, apróbase por asentimento a normativa de mestrados universitarios segundo o Real decreto 1393/2007 e do procedemento de solicitude e aprobación dos mestrados para o curso académico 2009/2010.

### **5. Normativa de doutoramentos universitarios segundo o Real Decreto 1393/2007 e procedemento de solicitude e aprobación dos doutoramentos para o curso académico 2009/2010**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da proposta de normativa de doutoramentos universitarios segundo o Real decreto 1393/2007 e do procedemento de solicitude e aprobación dos doutoramentos para o curso académico 2009/2010, que figura no **anexo V**.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, quen toma a palabra para incidir no impacto realmente negativo desta proposta de normativa sobre cursos concretos de doutoramento, razón pola que pide certa flexibilidade no proceso de aplicación desta norma sobre os cursos de doutoramento actuais establecidos ao abeiro do Real decreto 778/1998, do 30 de abril, tendo en conta que os prazos establecidos legalmente non axudan neste sentido. Tamén intervén o Sr. Pena Agras para manifestar que coincide plenamente co Sr. Casteleiro Maldonado e solicita, ademais, esa flexibilidade para os cursos de doutoramento do seu centro. Igualmente, interveñen os Sres. Cao Abad, quen pon de manifesto a existencia de certas grallas na proposta e propón certos cambios formais na redacción dalgún das súas epígrafes, e Ferreiro Baamonde, quen incide en cuestións relativas ao período de formación dos mestrados e a limitación de prazas existentes nalgún deles. O Sr. Faña Medín toma a palabra para insistir na necesidade de xestionar de xeito oportuno e intelixente o período de transición do modelo vello ao modelo novo, sempre para evitarmos situacións de baleiro que poidan prexudicar a Universidade da Coruña, e tamén para incidirmos en que aquí debería obrarse con prudencia. Conclúe esta quenda de intervencións o Sr. Casabella López, quen toma a palabra para falar a propósito do período de formación dos mestrados.

Rematada a quenda de intervencións, toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Investigación para indicar que as cousas están moi claras do punto de vista legal e que, sempre desde a legalidade vixente, o proceso de extinción dos programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 deberá comezar, con data límite, o 1 de outubro de 2009. Isto determina dúas posibles opcións na actuación da Universidade da Coruña. A primeira é a

de preitear, impugnando xudicialmente as normas estatais reguladoras desta materia, mais sempre cumprindo. E a segunda é a de cumprir a legalidade, ao tempo que se exerce presión sobre os organismos públicos competentes e se lles indica os prexuízos que lle causa á Universidade da Coruña o modelo tal e como está configurado legalmente, sempre sobre a base de que o modelo afecta a todas as universidades por igual.

Ábrese outra quenda de intervencións en que volve intervir o Sr. Casteleiro Maldonado, quen toma a palabra para pór de relevo as dificultades que vai haber para explicar as consecuencias legais deste novo modelo nos centros, especialmente no seu, polos prexuízos ocasionados. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación sinalalle que hai que distinguir entre a normativa e o calendario, que se someten á aprobación deste Consello de Goberno coa finalidade de lles facilitar a adaptación ao novo modelo a aqueles centros que así o quixeren, mais sempre sobre a base de que a responsabilidade na materia é do Ministerio con competencias en materia de educación. Ao respecto, tamén intervén o Sr. Vicerreitor de Profesorado, que insiste na idea de que isto é algo que excede do ámbito competencial da nosa universidade e que a propia universidade estalle a facer ver ao Ministerio as consecuencias negativas a través de moi diversas vías, mais todas elas nun formato claro de protesta. Remata esta quenda coas intervencións dos Sres. Cao Abad, Recuero Astray, Faiña Medín e Casabella López.

Apróbase por asentimento a normativa de doutoramentos universitarios segundo o Real decreto 1393/2007 e do procedemento de solicitude e aprobación dos doutoramentos para o curso académico 2009/2010, que figura no **anexo VI**, logo de seren corrixidas as grallas apreciadas polos membros do Consello de Goberno.

## **6. Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen explica a proposta de normativa de recoñecemento e transferencia de créditos que figura no **anexo VII**.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Cao Abad e González López, apróbase por asentimento a proposta en cuestión.

## **7. Cursos propios de posgrao**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa do contido da oferta de cursos propios de posgrao que figura no **anexo VIII**.

Apróbase a oferta de cursos propios de posgrao en cuestión.

## **8. Oferta de libre elección do curso 2008/2009**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da oferta de libre elección do curso académico 2008/2009, que consta no **anexo IX**. Trátase de materias da oferta xeral e das materias optativas ofertadas como libre elección a outras titulacións.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Ferreiro Baamonde para evidenciar un erro na relación do profesorado encargado da docencia dunha materia específica da oferta xeral, apróbase por asentimento a proposta que figura no citado anexo, unha vez corrixido o erro en cuestión.

## **9. Recursos aos premios extraordinarios de licenciatura e doutoramento**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa dos recursos formalizados contra a concesión de premios extraordinarios de licenciatura e doutoramento. Dous deles son recursos contra a concesión de premios extraordinarios de licenciatura (Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas Navais e Facultade de Ciencias da Educación) e o que resta é un recurso contra a concesión de premio extraordinario de doutoramento (Enxeñaría Industrial).

Na quenda de intervencións participan o Sr. González Veira, a Sra. Rodríguez Amoroso, o Sr. Pena Agra e o Sr. Colina Garea, en que se pon de relevo, alén diso, que é facultativo dos centros as propostas de concesión ou de non-concesión dos premios naqueles casos aos que alude o parágrafo 5 do regulamento de premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro, en virtude do que «De forma excepcional, poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que obteñen o título nese curso académico».

Co voto en contra do Sr. González Veira no caso concreto do recurso contra a concesión do premio extraordinario de licenciatura da Facultade de Ciencias da Educación, apróbase por asentimento desestimar os tres recursos en cuestión.

## 10. Propostas de denominación de títulos de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa os membros do Consello de Goberno da relación das propostas de denominación de títulos de grao que figura no **anexo X**. Dá conta, tamén, das propostas formalizadas desde os centros e que están á espera de que se cumpran todos os trámites antes de se someteren á aprobación deste Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Tasset Carmona, quen advirte da existencia de certas grallas na referencia a titulacións actuais que se contén na documentación a respecto da Facultade de Humanidades, porque non se inclúe a licenciatura en Documentación. Tamén intervén o Sr. Graña López, quen amosa a súa protesta pola información que se contén na publicación *Competencias profesionais dos universitarios*, do Consello Social da Universidade da Coruña, en relación coas titulacións que se imparten na Escola Universitaria Politécnica, na Escola Politécnica Superior e na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, porque conduce a moitos erros en materia de competencias profesionais. Trátase dun protesta á que se suman os Sres. González López e Rodríguez Fernández e á quen dan resposta os Sres. Reitor e Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, os cales indican que se trata dun traballo puramente estatístico, mais non normativo, elaborado polo Observatorio Ocupacional para o Consello Social da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención o Sr. Graña López expresando o desacordo do seu centro coa proposta realizada en materia de títulos de grao pola Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas. O Sr. González Veira tamén participa na quenda de intervencións para se interesar pola proposta da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indicando que a proposta do centro, que conta co apoio da Universidade da Coruña, foi considerada como proposta dunha nova titulación tanto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como polas universidades de Santiago de Compostela e Vigo, razón pola que nesta fase non se pode tramitar por falta de unanimidade, que é o criterio establecido para a viabilidade das propostas de nova denominación das titulacións.

Toma a palabra o Sr. Pena Agra, que declara falar non súa condición de director da Escola Politécnica Superior, senón na súa condición de docente da Universidade da Coruña en materias relacionadas co ámbito da enxeñaría naval. Desde este punto de vista, non pode compartir unha das propostas de denominación de título de grao, concretamente a formulada pola Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (grao en Enxeñaría

Náutica) e considera que talvez o máis prudente neste momento sería aprazar a súa aprobación á espera dunhas directrices que se están a elaborar a respecto das enxeñarías, posto que, deste xeito, se poderían evitar despois certas confusións entre titulacións que non benefician a ninguén. En todo caso, tamén quere deixar constancia de que non quere obstaculizar proposta ningunha, tan só quere que se trate conxuntamente na sesión do Consello de Goberno que corresponda xunto coas outras propostas formalizadas polas titulacións relacionadas coas enxeñarías. O Sr. González López intervén en sentido análogo ao do Sr. Pena Agra e remata a súa intervención solicitando que a proposta da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas non se trate nesta sesión do Consello de Goberno. Tamén intervén o Sr. Rodríguez Fernández, quen defende a proposta da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, argumentando, entre outras cousas, que convén ter en conta as diferenzas existentes entre a náutica e o naval, porque do contrario poden darse situacións de confusión como as descritas polo Sr. Graña López a propósito da publicación *Competencias profesionais dos universitarios*, do Consello Social da Universidade da Coruña. Alén diso, son ámbitos competenciais e profesionais igualmente distintos.

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións remata a quenda de intervencións sinalándolles que convén tratar nesta sesión a proposta da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas porque, entre outras cousas, sempre se defendeu a idea de que se ían apoiar todas as propostas correctamente formalizadas, sen prexuízo daquelas que están condicionadas a unhas concretas directrices profesionais, que semella non ser o caso da proposta da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, e no caso de ser así, poderían mudarse despois, razón pola que propón a aprobación da proposta dese centro nesta sesión, condicionándoa a que, no caso de haber directrices que impliquen mudanzas, se proceda a súa modificación.

Cos votos en contra dos Sres. Pena Agra, Graña López, Soraluze Blond e González López a respecto da proposta de denominación do título de grao da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (grao en Enxeñaría Náutica), apróbase a relación das propostas de denominación de títulos de grao, corrixidas as grallas a que facía mención o Sr. Tasset Carmona.

## **11. Renovación profesorado emérito**

Despois da intervención do vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude de renovación de profesorado emérito que figura no **anexo XI** e

sen se rexistrar ningunha intervención, apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

## **12. Concesión de licenza por un ano, conforme ao artigo 86 dos Estatutos da Universidade da Coruña (ano sabático)**

Logo de que o Sr. Vicerreitor de Profesorado dera conta da solicitude para a concesión de licenza por un ano, conforme ao artigo 86 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que figura no **anexo XII**, e sen se rexistrar ningunha intervención, apróbase por asentimento a mencionada solicitude.

## **13. *Venia docendi***

Apróbase a concesión da *venia docendi* que figura no **anexo XIII**, relativa á docencia na Escola Universitaria de Enfermaría, logo da explicación do Sr. Vicerreitor de Profesorado e sen se ter rexistrado intervención ningunha na quenda aberta para tales efectos.

## **14. Convocatoria de promoción de profesorado habilitado**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de promoción de profesorado habilitado. Sempre, segundo o Sr. Vicerreitor, se trata dunha convocatoria realizada ao abeiro do establecido no artigo 1 do Programa de Promoción do Persoal docente e investigador habilitado (aprobado por acordo do Consello de Goberno na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2006 e modificado en sesión do día 18 de decembro de 2007), que implicará, de ser aprobada, a dotación de dúas prazas de catedrático de universidade e dúas prazas de titular de universidade en cada unha das cinco ramas de coñecemento (xurídico-social, humanidades, tecnolóxico, ciencias experimentais e ciencias da saúde).

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Cao Abad, apróbase a convocatoria de promoción de profesorado habilitado nos termos indicados polo Sr. Vicerreitor de Profesorado e establécese como data límite para a formalización da solicitude o día 20 de xuño.

## **15. Programa para a promoción dos titulares de escola universitaria e colaboradores**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da proposta de programa para a promoción dos titulares de escola universitaria e colaboradores, que figura no **anexo XIV**. Explica as razóns

que aconsellan a presentación deste programa, que son, por unha banda, o cumprimento da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, que estableceu que o profesorado permanente da Universidade deberá ter a condición de doutor, razón pola que, entre outras cousas, dispón que as «Universidades establecerán programas tendentes a favorecer que os profesores titulares de escolas universitarias poidan compaxinar as súas tarefas docentes coa obtención do título de doutor»; e pola outra, a necesidade de incrementar o número de persoas doutoras na Universidade da Coruña, por se tratar dun criterio de calidade para determinados efectos.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. González López e Casabella López. O Sr. Cao Abad tamén intervén para se interesar no impacto deste programa no Plano de organización docente (POD) deste ano, que xa se está a elaborar. Remata a quenda de intervencións, o Sr. Fernández López para amosar as súas dúbidas sobre a viabilidade desta medida e para solicitar a adopción deste tipo de medidas tamén para o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, sempre coa finalidade de contribuír á mellora da súa formación.

Despois de indicar o Sr. Vicerreitor de Profesorado que se trata dunha medida que vén dada pola necesidade de aplicar na Universidade da Coruña o regulado, sempre nesta materia, pola lexislación universitaria de carácter xeral, apróbase por asentimento o programa para a promoción dos titulares de escola universitaria e colaboradores.

## **16. Regulamento de bibliotecas**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen explica a proposta dun novo regulamento de organización e funcionamento do Servizo da Biblioteca da Universidade da Coruña, que consta no anexo XV.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Soraluze Blond, quen se interesa pola composición da Comisión de Biblioteca, pois conta cun representante do Servizo de Informática e Comunicacions, e tamén pola consideración das salas de lectura e estudo individual e en grupo como servizo específico integrado no Servizo da Biblioteca. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación indícalle que a presenza dun representante do Servizo de Informática e Comunicación na citada comisión vén dada polo feito de que os distintos servizos ofrecidos polas bibliotecas están cada día que pasa máis informatizados. A respecto das salas de lectura e estudo, sinálalle que a implantación do Espazo Europeo de Ensino Superior implica que as bibliotecas universitarias sexan ademais

lugares ou espazos para o traballo tanto do estudantado como do profesorado.

Apróbase o Regulamento de organización e funcionamento do Servizo da Biblioteca da Universidade da Coruña, logo de seren corrixidas certas grallas.

## **17. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra o Sr. Pena Agras, quen considera que talvez deberían figurar máis precisados os criterios de valoración establecidos na normativa da nosa Universidade en materia de prazas de profesorado. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinalalle que os criterios xa veñen precisados mediante o sistema da cuantificación, aínda que chegado o momento poden modificarse en tal sentido se así o decidir o Consello de Goberno.

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen se interesa pola comisión da rama de Ciencias da Saúde, da que forma parte, e pola impartición de certo número de créditos, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións sinalándolle que aínda non ten coñecemento das propostas desta comisión, mais que estas serán loxicamente analizadas cando cheguen, sempre coa finalidade de comprobar que se axustan aos requisitos esixidos legalmente.

Toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso, quen incide na súa intervención no regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, pois considera que non se está a conseguir a finalidade pola que foi aprobado, na medida en que semella realmente elevado o número de bolsas, en moitos casos convocadas sen se axustaren á mencionada norma. Remata a súa intervención sinalando que debería efectuarse un maior control por parte da vicerreitoría que corresponda, quen non se sabe cal é. En resposta, o Sr. Reitor respóndelle que xa se están a tomar medidas para lograr que se cumpra o citado regulamento de bolsas e que a competencia en materia de bolsas lle corresponde á Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais. En igual sentido, pronúncianse o Sr. Xerente e máis o Sr. Secretario Xeral. O Sr. Pena Agras tamén intervéñ para suxerir que no rexistro de bolsas ao que fai mención o regulamento deberían conterse referencias expresas ao tempo de percepción ou aproveitamento das bolsas, sempre co fin de facilitar o cómputo dos prazos.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen, logo de dar conta do remate do proceso de funcionarización do persoal de administración e servizos co voto en contra por maioría en referendo, cómpre convocar inmediatamente

os procesos necesarios para cubrir as prazas do persoal de administración e servizos laboral. O Sr. Xerente indícalle que xa se está a traballar no tema, pois efectivamente cómpre actuar neste sentido.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Gayán para solicitar que se adopten medidas que faciliten a visibilidade por parte dos peóns para cruzar a vía que permite o acceso á Facultade de Dereito desde o aparcadoiro, e tamén para solicitar que se adopten medidas para limitar a velocidade no lugar indicado anteriormente e contribúan a unha circulación en condicións normais.

Remata a quenda de intervencións a Sra. López Fernández, quen indica que no seu centro se adoptaron medidas para garantir a correcta aplicación do regulamento de bolsas. Igualmente intervén para reiterar unha petición do seu centro, que non é outra que o soterramento das liñas de alta tensión tanto do seu centro como doutros centros da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención para alertar do incremento do tráfico no Campus da Zapateira por causa de que se están a empregar por parte das persoas que residen en determinadas urbanizacións as vías dos campus como atallos para se desprazaren.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 h.